

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



Nivel Básico 👉

POLOS CREATIVOS

KS-D1-Dinosaurios
Fálame dos fósiles Mary

Actividade elaborada coa colaboración de Kayakasaurus

Dinosaurios 1

Achega

- 1 medida de sal fina (mellor moída)
- 1 medida de auga
- 2 medidas de fariña de millo moi fina
- Colorantes alimentarios (opcional)

Indaga

Os fósiles son restos ou pegadas conservados durante anos en rochas preferentemente sedimentarias. En Galicia non temos restos fósiles de dinosaurios pero podemos facelos nos Polos creativos con esta masa de sal creando as súas pegadas.

- Como podemos distinguir unha pegada dun ave doutra dun dinosauro?
- A nosa masa podría conservarse incluíndo as pegadas? Que factores en Galicia serían prexudiciais?
- Uns dinosaurios eran herbívoros, outros carnívoros, depende a súa alimentación da súa pegada?
- Mary Anning foi a primeira paleontóloga recoñecida como tal, os seus traballos de investigación foron moi importantes para este campo. Posuía unha gran colección de fósiles.

